



VII CONCURSO DE COMADRES E COMPADRES 2025

BASES

Primeira.- O Concello da Pobra do Brollón convoca o VII Concurso de Comadres e Compadres, que se realizará dentro do programa das actividades do entroido os **xoves 20 e 27 de febreiro de 2025**.

Segunda.- As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse na Biblioteca Municipal do Concello (Casa da Cultura “Olga Novo” 2º andar) ou ben chamando ao teléfono 982 430 546 en horario de 10:30 a 13:30 horas, sendo o **derradeiro día de inscrición o 19 e o 26 de febreiro**, respectivamente.

Terceira.- Para a participación no concurso haberá as seguintes categorías:

- Individuais:
 - Participantes ata 18 anos
 - Participantes de máis de 18 anos

- Colectivos:
 - Locais comerciais, asociacións ou outras entidades colectivas.

Cuarta.- Todos aqueles participantes de categoría “individuais” que desexen participar na queima organizada, deberán concentrarse diante do Concello os días 20 e 27 de febreiro ás 18:30h, onde se correrán para posterior queima na Praza da Peza.

Aqueles que decidan non participar na queima organizada, deberán quedar suficientemente acreditados mediante fotografía enviadas ao teléfono 650 624 828 para que o xurado poida valorar.

Na medida do posible, o xurado tratará de visitar todas as figuras participantes os propios días 20 e 27 de febreiro ata as 15:00h.

Quinta.- Os inscritos dentro da categoría de “colectivos” colocaranse nos lugares elixidos polos participantes dende a primeira hora da mañá.

Na medida do posible, o xurado tratará de visitar todas as figuras participantes os propios días 20 e 27 de febreiro ata as 15:00h.

Sexta.- Outorgaranse dous premios por modalidade, tanto para comadres como para compadres.





- Individuais:
 - Participantes ata 18 anos:
 - 1º premio: 50€
 - Accésit: 20€
 - Participantes de máis de 18 anos:
 - 1º Premio: 50€
 - Accésit: 20€

- Colectivos:
 - Locais comerciais, asociacións ou outras entidades colectivas:
 - 1º Premio: 100€
 - Accésit: 50€

Os criterios de valoración para o outorgamento dos premios serán a orixinalidade, temática, calidade e a elaboración de cada un deles.

Sétima: A entrega dos premios será o día 1 de marzo de 2025 ao remate do desfile de Entroido.

Oitava: A participación no concurso implica a autorización ó Concello da Pobra do Brollón de todos os participantes inscritos, da recollida e tratamento dos datos persoais dos participantes que teñen como finalidade a xestión do concurso convocado polo Concello, entrega de premios e publicación do gañador, así como na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade, documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

Queda autorizado expresamente o Concello da Pobra do Brollón para divulgar os traballos participantes na forma e polos medios que considere máis oportunos.

A participación no Concurso implica a total aceptación das presentes bases.

